

ARISTÓTELES - TEXTO 3

PRESENTACIÓN DO TEXTO: o texto pertence aos tratados englobados baixo o título de "**Política**" que consta de VIII libros. Estes textos están adicados ao que Aristóteles denominaba xenericamente "asuntos humanos"; é dicir, a aqueles asuntos que competían á raza humana en tanto que seres humanos e non eran propios de ningún outro ser vivo. Os "asuntos humanos" estaban situados xusto despois dos tratados de ética, dándonos a entender que en realidade a política era a continuación natural da ética. (Facer alusión a esa continuidade que se establece sempre na civilización grega. Unha vez máis o nome de **Política** non é propio de Aristóteles senón do alumno Andrónico de Rodas.

A obra Política de Aristóteles sostén que o ser humano é un "animal político" (*zoón politícón*) por natureza, cuxa finalidade é vivir en comunidade (a polis) para acadar a "vida boa" e a felicidade. A política, por tanto, é o estudo da polis para lograr o ben común a través da virtude e as leis. O fragmento que imos comentar pertence ao libro I, onde analiza a polis (a cidade-estado) como a forma de asociación humana máis elevada, diferenciándoa de comunidades máis simples como o fogar e a tribo.

PRESENTACIÓN VITAL: Resaltar: 1) Os seus orixes platónicos e o distanciamento co mestre 2) a visión orgánica do Estado 3) os seus orixes macedonios.

TEMA DO TEXTO: "A polis como organización perfecta"

DESARROLLO TEXTO:

Preliminares: a visión orgánica do Estado en Aristóteles e os gregos en xeral.

. O SH só pódese realizar en comunidade (I 1 a 10). Por iso todas as comunidades son boas. Pero unha é a mellor: a polis porque só ela garante o desenvolvemento total do SH. A polis garante a *eutarkeia* (autarquía) a independencia do resto; a polis é a sociedade que mantense ela soa, sen necesidade de nada máis (non pasa ca familia e a tribo).

. O SH como animal político (I 11 a 21). O SH é un ser falante. O **logos** (capacidade racional para xerar linguaxe simbólico) é o que o distingue do resto; está na esencia humana vivir en grupo. Pero non só vivir, senón vivir xustamente: discernir entre a organización xusta e a inxusta, só a xusta leva á felicidade. Sen cidade o SH convértese nun ser inferior ou superior. A polis fai posible a xustiza que é a base da comunidade política.

TEMAS SECUNDARIOS: asegurarse de ter falado de:

. Toda comunidade humana busca o ben (bens intermedios) pero só a polis acada o ben supremo.

. A cidade é natural; é a evolución natural da familia e a tribo.

. O SH é un ser social e gregario máis que ningunha outra especie porque posúe o logos.

. A cidade é anterior ao individuo. Visión orgánica da sociedade oposta ao contrato social.

. Só na cidade hai xustiza plena: fora o SH pode volverse salvaxe ou inxusto; non acada a súa esencia humana.

. A finalidade da cidade é a **vida boa** ou **virtuosa**, que é a propiamente humana.

CONCLUSIÓNS:

Ou texto de Aristóteles continúa sendo clave para comprender a vida política actual. A súa idea de que o ser humano necesita a comunidade para realizarse plenamente, sigue vixente; igual que a relación que establece entre política, ética e xustiza. Aínda que hoxe non se comparte a súa visión teleolóxica da natureza, segue sendo relevante a súa defensa de que non pode existir vida humana auténtica sen participación na vida pública nin sen unha organización xusta.

Este texto, inscrito na teoría política desenvolvida non século IV a.n.e. En Grecia, móstrase profundamente crítico coa visión de que a sociedade sexa unha creación artificial ou un contrato entre individuos (algo que aparecerá moito máis tarde, en Hobbes, Locke ou Rousseau). Segundo a tradición grega, a cidade é unha realidade natural, un produto do desenvolvemento humano cara á súa plenitude. Spinoza defenderá unha visión parecida e a teoría do Estado de Hegel tamén se inscribe nesta liña de pensamento. Aínda que hoxe en día é difícil atopar representantes desta tendencia, remarcamos a concepción do Estado da filósofa norteamericana Martha Nussbaum. que integra nunha postura teórica, unha visión da xustiza social cunha perspectiva sobre a natureza e o cultivo de certas emocións morais.